


Código do documento	Código do expediente
USG16I00CL	USG/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2K6X 6J1V 1960 4Y6A 0SQS	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as catorce horas e tres minutos do día dezasete de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 10 DE XANEIRO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data dez de xaneiro de dous mil vinte e dous, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 10 de xaneiro de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG núm. 6 do 11-01-2022.
- Orde do 16 de decembro de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o

ano 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IN414D). DOG núm. 7 do 12-01-2022.

- Orde do 22 de decembro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se modifica a autorización do centro privado Rías Altas, de Culleredo (A Coruña). DOG núm. 7 do 12-01-2022.
- Anuncio do 21 de decembro de 2021, do Concello de Culleredo, de xestión de biomasa UME/2021/472. DOG núm. 6 do 11-01-2022.
- Anuncio do 21 de decembro de 2021, do Concello de Culleredo, de requerimento de xestión de biomasa (expediente UME/2021/595). DOG núm. 6 do 11-01-2022.
- Anuncio do 21 de decembro de 2021, do Concello de Culleredo, de requerimento de xestión de biomasa (expediente UME/2021/473). DOG núm. 6 do 11-01-2022.
- Anuncio do 4 de xaneiro de 2022 do Concello de Culleredo -Economía, Facenda e Réxime Interior-, relativo á lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de traballador/a social de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira polo procedemento de oposición. BOP núm. 6 do 11-01-2022.
- Anuncio do 10 de xaneiro de 2022 da Xunta de Galicia, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, -Xefatura Territorial da Coruña- relativo ao acordo do 10 de xaneiro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, que sinala data para o pagamento do prezo xusto por expropiación, no concello de Culleredo (expediente IN407A 2019/79-1) . BOP núm. 8 do 13-01-2022.
- Anuncio do 12 de xaneiro de 2022 do Concello de Culleredo- Secretaría Xeral- relativo á aprobación definitiva do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá. BOP núm. 9 do 14-01-2022.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.-A sra Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:


*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
17/11/2021	2117	Dar de baixa no Servizo Municipal de Axuda no fogar	***9657**	
23/11/2021	2156	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***4769**	
23/11/2021	2157	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha	***6707**	

		intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).		
23/11/2021	2158	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	***5049**	
23/11/2021	2159	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***1416**	
23/11/2021	2160	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***1706**	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
16/11/2021	2109	Declarar o desistimento das axudas solicitadas para pago de abono de aluguer ao non achegar a documentación preceptiva.	****3051*		
16/11/2021	2112	Conceder unha axuda económica.	****2712*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de de marzo e abril de 2021 (400€/mes) e parte de maio de 2021 (329€)	1129€
16/11/2021	2114	DENEGAR as axudas para abono de hipoteca por considerarse que non queda acreditada a situación de necesidade segundo o artigo 5 do	****1457*		

Código do documento	Código do expediente
USG16I00CL	USG/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2K6X 6J1V 1960 4Y6A 0SQS	


C.I.F. P-1503100-H

		regulamento municipal.			
17/11/2021	2116	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***5082**	Recibo de auga do 3º trimestre de 2021 Recibo de gas de data 19/08/2021	55,12€ 17,02€
17/11/2021	2118	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***3598**	Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2021	56,65€
17/11/2021	2119	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***4417**	Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2021	119,48€
17/11/2021	2120	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***4573**	Recibo de auga do 3º trimestre de 2021 (62,98€). Recibo de luz de data 30/09/2021 (30,22€).	93,20€
17/11/2021	2121	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***2950**	1º e 2º trimestre de auga de 2021 (75,84€ + 70,82€) Recibos de luz correspondentes ao periodo comprendido entre o 12/01/2021 e o 12/07/2021 (62,69 +53,55 +79,52 +71,32 +48,29 + 21,61 + 83,11).	566,75€
17/11/2021	2122	Conceder unha axuda económica.	***3441**	Alugueiro alternativo temporal no hotel A Barquiña, correspondente aos meses de febreiro e marzo de 2021.	800€
17/11/2021	2123	Conceder unha axuda económica.	***0274**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro de 2021 (300€/mes) e parte de agosto de 2021 (229€).	1129€
17/11/2021	2124	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***6299**	Recibo electricidade de data 09/06/2021(45,27€), 04/08/2021 (49,72€), 20/08/2021 (44,97€) e	383,17€

Código do documento	Código do expediente
USG16I00CL	USG/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2K6X 6J1V 1960 4Y6A 0SQS	


C.I.F. P-1503100-H

				30/09/2021 (43,35€) . Recibos de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2021 (69,61€ +60,12€+70,13€).	
17/11/2021	2125	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***6838**	Correspondente ós recibos de gas de data 17/10/2021 (5,75€ + 19,19€) Recibo de auga do 3º trimestre de 2021 (71,18€)	96,12€
17/11/2021	2128	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***6010**	Recibo de auga do 1º e 2º trimestre de 2021 (70,62€ +68,61€). Recibos de gas do periodo comprendido entre o 14/12/2021 e o 05/07/2021 (102,62€+70,39€+65,07€ +30,98€+33,57€)	441,86€
23/11/2021	2155	Conceder unha axuda económica.	****2957*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de maio a setembro de 2021 (200€/mes) e outubro de 2021 (129€)	1129€
24/11/2021	2163	Conceder unha axuda económica.	***1089**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2020 (57,36€), 1º trimestre de 2021 (59,51€), 2º trimestre de 2021 (61,65€) e 3º trimestre de 2021 (63,08€). Recibo de electricidade, 67,69€ do 9 de decembro de 2020 ao 12 de xaneiro de 2021, 17,40€ do 26 de xaneiro ao 10 de febreiro de 2021, 24,45 € do 10 de febreiro ao 11 de marzo de 2021 e 37,09 € do 11 de marzo ao 11 de abril de 2021. Recibo de comunidade de agosto a novembro de 2021, por un importe de 160€ (40€/mes).	828,23€
24/11/2021	2164	Conceder unha axuda	***3780**	Recibo de auga	997,75€

Código do documento	Código do expediente
USG16I00CL	USG/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2K6X 6J1V 1960 4Y6A 0SQS	

C.I.F. P-1503100-H

		económica.		<p>correspondente ao 4º trimestre do 2020 (89,88€), 1º trimestre de 2021 (89,98€), 2º trimestre de 2021 (85,19€) e 3º trimestre de 2021 (83,59).</p> <p>Recibo de luz, correspondente facturas dos meses de xaneiro(53,68€), febreiro (56,23€), maio (38,67€), xuño (40,44€), outubro (40,87€) e novembro de 2021 (48,99€).</p> <p>Recibo de gas correspondente aos meses de xaneiro (72,12€), febreiro (110,44€), abril (58,38€), xuño (43,04€), agosto (45,29€) e outubro de 2021 (40,96€).</p>	
24/11/2021	2165	DENEGAR as axudas para abono de recibos de subministracións e bono de alimentos, por exceder o límite de ingresos para poder percibir a axuda municipal.	***5734**		
24/11/2021	2166	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***0366**	<p>3º trimestre de auga de 2021(78,66€).</p> <p>Recibos de luz de data 7/09/2021 (43,90€), 10/10/2021(48,47€) e 07/11/2021 (62,85€).</p>	
24/11/2021	2167	Conceder unha axuda económica.	***2835**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xuño a outubro de 2021(205€/mes) e parte de maio de 2021 (104€)	1129€
24/11/2021	2168	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***3295**	Recibo de luz correspondente a factura de data 17/10/2021.	32,24€
24/11/2021	2169	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación	***5326**	Recibo de auga do 1º (70,62€), 2º (70,62€) e 3º (84,46€)	628,10€


Código do documento	Código do expediente
USG16I00CL	USG/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2K6X 6J1V 1960 4Y6A 0SQS	

		e pago		trimestre de 2021. Recibos de gas e luz de data 11/02/2021 (105,26€), 13/04/2021 (140,92€) e 11/06/2021 (123,22€) . Recibo de gas de data 13/09/2021 (33€).	
24/11/2021	2170	Conceder unha axuda económica.	***4419**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro e marzo de 2021(380€/mes) e parte do recibo de abril de 2021 (369€).	1129€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
16/11/2021	2106	Conceder unha tarxeta de estacionamento	****5850	10 anos
16/11/2021	2113	Conceder unha tarxeta de estacionamento	***2550**	10 anos
17/11/2021	2115	Denegar a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por non ten dificultades graves de mobilidade que lle impiden a utilización de transporte colectivo, con caráctr definitivo.	***9743**	
17/11/2021	2126	Conceder unha tarxeta de estacionamento	***2982**	10 anos
17/11/2021	2127	Conceder unha tarxeta de estacionamento	***0025**	10 anos

Código do documento	Código do expediente
USG16I00CL	USG/2022/5
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2K6X 6J1V 1960 4Y6A 0SQS	

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

”
ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 21 DE XANEIRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Representación da obra teatral *Á lúa vai encuberta*.

Obra gañadora do II Certame Manuel María de proxectos teatrais.

Público adulto. Entrada gratuíta. Reserva de asentos a mesma ssemana no tfno. 981665597.“

2.3.- SENTENZA 207/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 167/2021-L.

O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 207/2021, do 30 de decembro de 2021, do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 1647/2021-L, en cuxo fallo anonimizado di:

“ESTIMANDO recurso contencioso administrativo interpuesto por D. FRANCISCO JAVIER PENA PENELA, Abogado, en nome e representación de D. M.R.L, fronte a desestimación por silencio de la Reclamación Patrimonial interpuesta por el demandante, en fecha 25/10/2019 presentada fronte al CONCELLO DE CULLEREDO, en reclamación de danos e perxucios derivados de un siniestro de circulación acaecido en el día 16/08/2019 en el polígono de Ledoño, como consecuencia de un bache y causando danos en el turismo XXXXXXX, condenando a dicho Concello a título de responsabilidad patrimonial por los danos sufridos, y condenándole consecuentemente a indemnizar a D. M.R.L, en la cantidad de ciento ochenta y cuatro euros con setenta y tres céntimos (184,73 euros), más los intereses legales desde la fecha de interposición de la reclamación administrativa, con expresa condena en costas a la Administración demandada si bien se limitan las mismas por los conceptos de representación y defensa a un máximo de 400 euros.

Pronúnciese esta sentenza en audiencia pública y notifíquese a las partes con la advertencia de que contra la misma no cabe recurso ordinario alguno, sin perjuicio del recurso de casación que pueda interponerse si se dan los requisitos previstos en el artículo 86.1 de la LJCA. (.../...) >>

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)